

Resolución do 30 de abril de 2024 pola que se convocan axudas para a mobilidade de persoal non docente da USC no marco do Programa Erasmus+ KA131 (Mobilidade con fins de formación en institucións de países do Programa Erasmus+) durante o ano 2024.

A USC convoca **10 axudas** para persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) saínte no marco do Programa Erasmus+ KA131, Proxectos 2022-2025 (2022-1-ES01-KA171-HED-000074851) e 2023-2026 (2023-1-ES01-KA131-HED-000135235), con cargo á partida orzamentaria 8052-4914-49000, para fomentar a mobilidade con fins de formación no eido da xestión, administración e transferencia de coñecementos e resultados cara outros centros de ensino superior de países participantes no programa durante o ano 2024.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do programa establecida polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), que actúa como Axencia Nacional da Comisión Europea, e ás seguintes bases reguladoras.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

1.1 A finalidade principal é a formación noutra institución de educación superior de países do Programa Erasmus+ seguindo os obxectivos xerais do programa.

1.2 O obxecto desta convocatoria é facilitar ao PTXAS da USC a realización dunha breve estadía formativa nunha institución de educación superior socia coa finalidade de coñecer o funcionamento da unidade administrativa homóloga á da persoa beneficiaria.

1.3 As actividades a realizar na estadía poden comprender observacións de profesionais, visitas de estudo, seminarios, talleres, cursos, conferencias etc. Algunhas universidades socias organizan semanas internacionais (*Erasmus Staff Weeks*) co fin de levar a cabo estas accións.

1.4 Estas axudas serán compatibles con calquera outro tipo de bolsas e axudas de natureza pública ou privada, incluíndo as correspondentes ao programa Erasmus+ KA171.

SEGUNDA: REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA

2.1 As persoas candidatas deberán:

- a. Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no programa Erasmus+ ou estar recoñecida polo país no que reside como residente permanente, refuxiada ou apátrida.
- b. Formar parte da nómina da USC ou de centros adscritos, tanto no momento de presentar a solicitude como no momento da realización da mobilidade.
- c. Ter acreditado un coñecemento do idioma propio da universidade receptora ou de inglés correspondente como mínimo ao nivel B2 da táboa de equivalencias do **Anexo V**.

TERCEIRA: DURACIÓN DA MOBILIDADE

3.1 A duración desta actividade será dun mínimo de dous días de traballo e máximo de dous meses, aínda que só se financiarán como máximo **cinco días** de traballo e ata dous días de viaxe.

3.2 O período elixible de realización das estadias de formación comprende desde a resolución da convocatoria **ata o 31 de decembro de 2024**.

CUARTA: DESTINOS

4.1 A mobilidade de persoal non docente correspondente a esta convocatoria non está baseada na existencia previa dun acordo bilateral Erasmus+, polo que calquera institución equivalente á de orixe podería ser considerada elixible se pertence a un dos países do programa Erasmus+ (estados membros da UE e Noruega, Islandia e Liechtenstein, ademais de Macedonia do Norte e as Repúblicas de Turquía e Serbia).

QUINTA: DOTACIÓN DAS AXUDAS

5.1 Este programa está financiado con fondos da Comisión Europea e as contías para a mobilidade serán de dous tipos:

- 1) Axuda de aloxamento e mantenza, segundo a duración da mobilidade e do país de destino.
- 2) Axuda de viaxe, segundo a distancia entre a universidade de orixe e a universidade de destino.

5.2 **Axuda para aloxamento e mantenza.** Para o cálculo do importe computaranse os días da estadia nos que se desenvolvan actividades formativas (polo que deberán xustificarse os días exactos). As cantidades dependerán do país de destino en función do grupo indicado no seguinte recadro:

Países de destino	Cantidade diaria das axudas
Grupo A Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	120 €
Grupo B Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105 €
Grupo C Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	90 €

5.3 Axuda para gastos de viaxe. A contribución aos gastos de viaxe do persoal estará baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolva a actividade correspondente, segundo a cantidade que se indica a continuación:

Distancias de viaxe	Viaxe estándar - Importe	Viaxe ecolóxica - Importe
Entre 10 e 99 km	23 € por participante	
Entre 100 e 499 km	180 € por participante	210 € por participante
Entre 500 e 1999 km	275 € por participante	320 € por participante
Entre 2000 e 2999 km	360 € por participante	410 € por participante
Entre 3000 e 3999 km	530 € por participante	610 € por participante
Entre 4000 e 7999 km	820 € por participante	
8000 km ou máis	1500 € por participante	

Para calcular a distancia en quilómetros dende o posto de traballo ata a cidade de destino, empregarase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

5.4 As persoas beneficiarias que realicen a viaxe de incorporación á universidade de acollida e de regreso definitivo (finalización da mobilidade Erasmus+) nun medio de transporte público e colectivo, excepto o avión, recibirán unha axuda de viaxe adicional

de ata catro días segundo o tramo de distancia, sempre e cando realicen tanto a viaxe de ida como de volta en transporte ecolóxico.

5.5 O importe das axudas será aboado por transferencia bancaria segundo se estipule no convenio financeiro asinado entre a USC e a persoa beneficiaria.

5.6 Estas axudas constitúen unha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e mantenza e, polo tanto, non cobren a totalidade dos gastos ocasionados. As axudas non están suxeitas a retencións do IRPF.

SEXTA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6.1 O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o **20 de maio de 2024 (23.59 horas)**.

6.2 A presentación das solicitudes realizarase a través do **Rexistro Electrónico da USC**, identificándose coas claves de PTXAS, a través da web www.usc.es no menú despregable USC Virtual > Sede Electrónica > Servizos Persoais > Rexistro electrónico (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>)

- Solicitud xeral (non existe procedemento).
- Órgano ao que vai dirixido: Oficina de Mobilidade.
- Asunto da solicitude: Convocatoria de axudas PTXAS saínte Erasmus+ 2024.
- Como anexos engadiranse os documentos requiridos na base sétima desta convocatoria.

6.3 Alternativamente, en caso de dificultades técnicas, tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Lugo), ou nas formas e lugares establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

7.1 A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- (i) Impreso de solicitude (**Anexo I**). Deberá ter o visto e prace do/a responsable administrativo/a da persoa solicitante.
- (ii) Acordo de mobilidade (**Anexo II**), que reflectirá a actividade formativa a desenvolver, así como os días completos de estadía. Deberá constar a sinatura

do/a solicitante e a do/a responsable institucional ou departamental da universidade de acollida.

(iii) Acreditación do nivel de idioma segundo a táboa de equivalencias do **Anexo V**.

7.2 Non se aceptarán solicitudes de candidatos/as que xa participaran neste programa e soliciten a mesma universidade de destino.

7.3 Aquelas solicitudes que non cumpran estes requisitos consideraranse automaticamente rexeitadas.

7.4 A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria.

OITAVA. RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

8.1 A Oficina de Mobilidade publicará na Sede Electrónica da USC, dentro dos 15 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, a **relación provisional** de solicitudes admitidas e excluídas.

8.2 As persoas excluídas provisionalmente poderán xustificar o seu dereito a ser admitidas no prazo de **5 días naturais** contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídas definitivamente de non facelo. Finalizado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión, publicarase a lista definitiva, xunto coa proposta de adxudicación de axudas derivadas da base seguinte.

NOVENA. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

9.1 A Comisión de Selección estará integrada pola vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en que delegue, a xefa da Oficina de Mobilidade, ou persoa en que delegue, e un/unha técnico/a da Oficina de Mobilidade, que actuará como secretario/a.

9.2 Esta Comisión levará a cabo a selección dos/as aspirantes de conformidade coas directrices proporcionadas polo SEPIE, que indican que:

- o procedemento de concesión das axudas debe ser transparente, xusto, equitativo, coherente e estar ben documentado;
- se adoptarán todas aquelas medidas necesarias para evitar calquera conflito de intereses entre as persoas que poidan tomar parte nos órganos ou no proceso de selección e os/as beneficiarios/as individuais.

9.3 Para a adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo sobre un máximo de 10 puntos:

(i) Acreditación de coñecemento do inglés e doutros idiomas empregados na institución de acollida: ata 3 puntos

- Nivel B2 de inglés ou do idioma oficial do país de destino: 1 punto
- Nivel C1 de inglés ou do idioma oficial do país de destino: 2 puntos
- Nivel C2 de inglés ou do idioma oficial do país de destino: 3 puntos

(ii) Participacións previas no Programa Erasmus+ dende o ano 2020 inclusive: ata 2 puntos, tendo en conta os seguintes criterios:

- 2 mobilidades ou máis: 0 puntos
- 1 mobilidade: 1 punto
- Non ter participado con anterioridade no programa: 2 puntos

(iii) Relevancia do Plan de Traballo que se presente: ata 3 puntos

(iv) Beneficio para o Departamento / Servizo ata 1 punto

(v) Mobilidade a universidades pertencentes á Alianza EUniWell (excluíndo a Universidad de Murcia) (<https://www.euniwell.eu/about/universities>): 1 punto

9.4 En caso de empate teranse en conta as áreas de traballo. Darase prioridade a aquelas solicitudes con menor participación neste programa de mobilidade, así como ás solicitudes que se realicen por primeira vez.

9.5 Os informes e resultados de pasadas convocatorias de mobilidade poderán ser considerados pola Comisión de Selección para os efectos oportunos.

DÉCIMA. PROPOSTA DE CANDIDATOS/AS PARA A AXUDA E LISTAXE DE AGARDA

10.1 Efectuada a valoración, a Comisión de Selección procederá á publicación dos resultados da proposta de adxudicación de axudas na Sede Electrónica da USC, coa indicación dunha lista ordenada das persoas candidatas seleccionadas, así como unha lista de candidatos/as en agarda. En función da dispoñibilidade orzamentaria, a Oficina de Mobilidade poderá incrementar o número de axudas e asignalas segundo a orde establecida nesa lista.

10.2 Contra esta proposta as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do día seguinte á súa publicación. Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, publicarase a proposta definitiva.

UNDÉCIMA. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

As persoas seleccionadas teñen as seguintes obrigas:

Antes da estadía:

11.1 Establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas da visita e o programa de traballo, sempre contando coa aprobación previa da persoa responsable administrativamente da persoa seleccionada, en función das necesidades do servizo.

11.2 Subscribir o Acordo de Mobilidade (**Anexo II - Mobility Agreement**) xunto coas institucións de orixe e destino, describindo o programa de traballo que se levará a cabo durante a estadía.

11.3 Comunicar á Oficina de Mobilidade coa maior brevidade calquera cambio nas datas da mobilidade con respecto ás indicadas no acordo de mobilidade.

11.4 Enviar por e-mail á Oficina de Mobilidade (international@usc.gal) unha copia da póliza contratada que dea cobertura ao período da mobilidade concedida, ou da Tarxeta Sanitaria Europea, válida para estas estadias, que pode solicitarse en liña no seguinte enlace: <https://w6.seg-social.es/soITse/jsp/Entrada.jsp>.

11.5 Subscribir coa USC o convenio de subvención onde se especifican as condicións económicas da actividade.

11.6 Xestionar a busca de aloxamento e os trámites de rexistro na universidade de destino. Será responsabilidade da persoa beneficiaria da axuda a realización correcta destes trámites.

Durante a estadía:

11.7 Participar con aproveitamento nas actividades formativas propostas ou nas reunións co persoal de destino nos horarios acordados.

11.8 Promover a estratexia de internacionalización da USC e dar a coñecer os proxectos de cooperación e a oferta académica da USC durante a súa estadía, empregando para ese fin a presentación da USC que se lle facilitará na Oficina de Mobilidade.

Despois da estadía:

11.9 Presentar na Oficina de Mobilidade no prazo máximo **dun mes** contado a partir da data de finalización da mobilidade:

- a. **Certificado de estadía (Anexo III)**, onde figuren as datas de inicio e fin da estadía. O documento, xustificativo de que se levaron a cabo actividades relacionadas coa mobilidade durante o período de estadía, deberá ser orixinal e estar debidamente asinado (sinatura orixinal manuscrita ou dixital) e selado pola pola dirección da unidade de acollida da institución socia.
- b. **Informe final** sobre os principais resultados obtidos segundo modelo normalizado (**Anexo IV**).
- c. No caso de que se tivesen producido modificacións nas datas da estadía en relación co acordo inicial de mobilidade presentado coa solicitude, acordo definitivo de mobilidade (**Anexo II**) coa sinatura e selo **orixinais**.

11.10 Cumprimentar e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción do convite para cumprimentala. A USC poderá requirir ás persoas participantes que non cumprimenten e envíen a enquisa UE en liña o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida.

DUODÉCIMA. MODIFICACIÓNS, RENUNCIAS E REVOGACIÓNS

12.1 Calquera cambio que se efectúe, en especial no relativo ás datas da estadía ou baixa no programa, deberá ser comunicado por correo electrónico á Oficina de Mobilidade da USC á maior brevidade (international@usc.gal).

12.2 O feito de non incorporarse ao centro nas datas autorizadas, sempre que non se notificase o cambio, entenderase como renuncia e a persoa solicitante será penalizada en futuras convocatorias da Oficina de Mobilidade.

12.3 Considerarase que renuncian tacitamente á mobilidade (e, en consecuencia, á axuda), as persoas beneficiarias que non presenten a documentación requirida nos prazos e nas condicións descritas nestas bases.

12.4 No caso de que se produza algunha renuncia ou que non se entregue a documentación nas condicións e no prazo previstos, poderase adxudicar a mobilidade, se procede, ás persoas candidatas da lista de agarda.

12.5 O incumprimento dalgúns dos requisitos e das obrigas establecidas na presente convocatoria poderá dar lugar á revogación total ou parcial da axuda e á obriga de devolver a cantidade correspondente, así como a imposibilidade de participar en novas edicións do programa.

DECIMOCUARTA. RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)

A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/04/2024 14:12:46.

CSV: 6C3A-CA74-4418-BD81